2. Este programa deberá regular de forma diferenciada, por un lado, os itinerarios e, polo outro, a sinalización.

3. Para a regulación dos itinerarios, o programa deberá redactarse co seguinte contido mínimo:

a) Deseño e acondicionamento de sendeiros autointerpretativos e itinerarios asociados a puntos de interese cultural.

b) Establecemento dun sistema de sinalización específica de apoio para o seu seguimento, así como folletos informativos e material gráfico asociado.

c) Elaboración dunha rede de sendeiros e itinerarios que comuniquen áreas de interese arqueolóxico, xeomorfolóxico, de arquitectura popular, etnolóxico, paisaxístico, faunístico, florístico, etc.

d) Delimitación de posibles áreas de descanso e miradoiros panorámicos en puntos de alta potencialidade de vistas.

e) Estudo da posibilidade de establecemento de itinerarios interpretativos en profundidade, para grupos reducidos e con guía monitorizada.

f) Adaptación dos itinerarios interpretativos á rede de camiños e sendeiros actualmente existentes no parque, reducindo ao máximo posible a apertura de novas vías.

4. Para a regularización da sinalización, o programa deberá redactarse co seguinte contido mínimo:

a) Realizarase a sinalización informativa e interpretativa en lugares de interese para o visitante, como son accesos, miradoiros, pistas, áreas de uso público, sendeiros peonís e aparcadoiros do interior do parque.

b) Esta sinalización realizarase de acordo coas especificacións recollidas no manual de sinalización para espazos naturais protexidos.

c) Salvo autorización da administración do parque, non se colocará no parque natural ningunha sinalización que non estea relacionada con el. En particular, non se autorizará sinalización de actividades sectoriais que poidan resultar contraditorias co espírito do parque natural.

ANEXO IV
Programa económico-financeiro

A partir das liñas definidas no título V deste decreto, estrutúrase o programa económico-financeiro do parque natural do Monte Aloia para un período de vixencia de seis anos.

	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Totais €
1. Garantir a conservación da biodiversidade e dos compoñentes culturais do parque natural.							
Eliminación de especies invasoras	18.000	18.000	18.000	18.000	12.000	12.000	96.000
Materiais de reprodución	3.000	3.000	3.000	3.000	3.000	3.000	18.000
Conservación patrimonial	6.000	9.000	6.000	6.000	6.000	6.000	39.000
2. Compaxinar o aproveitamento forestal coa regulación e a conservación dos valores naturais do espazo.							
Adquisición de maquinaria forestal	3.000	-	6.000	-	12.000	-	21.000
Tratamentos silvícolas / biótopo	17.000	18.000	21.000	21.000	24.000	24.000	125.000
Revisión do proxecto de ordenación forestal	-	-	36.000	-	-	-	36.000
3. Xestión do uso público.							
Centro de visitantes e programas de educación ambiental	52.000	54.000	56.000	58.000	60.000	62.000	342.000
Programas visitas	12.000	12.000	12.000	12.500	12.500	12.500	73.500
Folletos, guías e publicacións	16.000	18.000	19.000	19.500	19.500	20.000	112.000
Boletíns	6.200	6.400	6.600	6.800	7.000	7.200	40.200
Xornadas e celebracións	5.000	12.000	12.000	12.000	15.000	12.000	68.000
Elaboración de audiovisuais	6.000	25.000	6.000	12.000	12.000	18.000	79.000
4. Mellorar o coñecemento sobre os compoñentes da biodiversidade do parque natural.							
Estudos flora e fauna	12.000	6.000	-	6.000	-	6.000	30.000
Estudos hábitats	12.000	6.000	6.000	-	6.000	-	30.000
Outros estudos	12.000	9.000	6.000	6.000	6.000	6.000	45.000
5. Conservar e ordenar os usos das infraestruturas existentes no parque natural.							
Conservación e mellora rede viaria	18.000	18.000	21.000	21.000	24.000	24.000	126.000
Conservación infraestruturas de uso público	12.000	12.000	6.000	12.000	6.000	12.000	60.000
Infraestruturas sociais	6.000	6.000	12.000	12.000	18.000	18.000	72.000
6. Manter e mellorar o funcionamento do parque natural.							
Mantemento xeral	5.700	6.000	6.300	6.600	6.900	7.200	38.700
Mantemento de vehículos	25.700	26.400	27.100	27.800	28.500	29.200	164.700
Conservación instalacións	6.500	6.500	7.000	7.000	8.000	8.000	43.000
Totais anuais	254.100	271.300	293.000	267.200	286.400	287.100	1.659.100

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO V

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA USOS AUTORIZABLES SEGUNDO O PUNTO 46º DO DECRETO 65/2009 DE APROBACIÓN DO PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NATURAL DO MONTE ALOIA	***MA758A***	***SOLICITUDE***

NOME E APELIDOS			NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

USO OU APROVEITAMENTO PARA O QUE SE SOLICITA A AUTORIZACIÓN

PARCELA/S CATASTRAL/AIS ONDE SE SOLICITA O USO OU APROVEITAMENTO

OBXECTO E RAZÓN EN QUE BASEA A SÚA SOLICITUDE

CIRCUNSTANCIAS EN QUE BASEA A SÚA SOLICITUDE SEGUNDO O EXPOSTO NO ARTIGO 46º DO DECRETO

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEISLACIÓN APLICABLE

Decreto 65/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do parque natural do Monte Aloia.
Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.
Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

_____ , de de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

____ /____/_____

DATA DE EFECTOS

____ /____/_____

DATA DE SAÍDA

____ /____/_____